

A CIG-Ensino presenta 1375 sinaturas nunha campaña pola equiparación salarial de todo o profesorado de Formación Profesional

Tras a finalización do procedemento de integración do profesorado técnico de FP que cumpría os requisitos para pasar ao corpo de profesorado de Secundaria o sindicato mantén o seu obxectivo inicial de que non quede ninguén atrás e esixe cando menos as mesmas retribucións para todo o colectivo: funcionariado de carreira, persoal interino e profesorado especialista sexa cal sexa a súa titulación académica, baixo a premisa de que "a igual traballo debe corresponder o mesmo salario".



No presente curso escolar 2022/23 hai, segundo un estudo realizado pola CIG-Ensino, **2.289 docentes pertencentes ao corpo de PTFP entre funcionariado de carreira e persoal cun contrato de interinidade anual**. Malia que as intencións iniciais da modificación introducida polo goberno do Estado na LOMLOE non se confirmaron, conseguíndose na negociación en Madrid dous importantes avances (**que todas as titulacións universitarias**, incluídas diplomaturas, enxeñarías e arquitecturas técnicas, e non só ás equivalentes a grao a efectos de acceso á función pública, **serviran para a integración no corpo de Secundaria** e que cando menos **en 10 especialidades docentes** -Cociña e Pastelería, Servizos de Restauración, Peiteado, Estética, Patronaxe e Confección, Producción de Artes Gráficas, Fabricación e Instalación de Carpintaría e Moble, Mecanizado e Mantemento de Máquinas, Mantemento de

Vehículos e Soldadura- **se poida seguir accedendo á profesión docente con titulación superior de FP**) a situación actual segue a perpetuar unha desigualdade entre o profesorado que imparte neste tipo de ensinanzas.

Precisamente **acadar a unidade de todo o colectivo docente de FP**, evitando non só a discriminación salarial senón tamén a desunión, **pola vía de conseguir a equiparación salarial de todo o profesorado sen distincións**, foi o eixo da campaña de recollida de sinaturas que puxo en marcha a CIG-Ensino e que até o momento recadou o apoio de **1375 docentes**. Con este respaldo a unha campaña, realizada exclusivamente durante o mes de decembro e que a CIG-Ensino non dá por pechada, queda claro o sentir maioritario do profesorado de FP. A CIG-Ensino insta novamente á administración a que atenda o clamor do persoal docente:

Principais reclamacións incluídas na campaña de sinaturas da CIG-Ensino


- ⊙ O pagamento dun complemento de equiparación salarial para todo o profesorado que queda no corpo a extinguir de Profesorado Técnico de FP ou que pasa a formar parte do novo de Profesorado Especialista de Sectores Singulares da FP pero que desempeña o mesmo tipo de traballo, impartindo clase ao mesmo alumnado, nos mesmos ciclos e nos mesmos centros e realizando as mesmas tarefas (titorías, coordinación da FCT, acreditación de competencias...) que os seus compañeiros e compañeiras que están a piques de integrarse no corpo de Secundaria. A CIG-Ensino xa amosou nas negociacións en Madrid que esta equiparación era perfectamente factíbel e legal.
- ⊙ O pagamento con efectos retroactivos da integración a todo o profesorado interino que imparte na FP nas mesmas condicións que o funcionariado de carreira que estaba en activo en xaneiro de 2021 cando entrou en vigor a LOMLOE evitando a xudicialización dun conflito que vai en contra das directrices europeas de non discriminar o persoal temporal das administracións.
- ⊙ O recoñecemento do pagamento con efectos retroactivos ás persoas que aprobaron as oposicións en 2021 desde o momento en que comezaron a traballar e non desde que foron nomeadas funcionarias de carreira. Neste sentido, a Consellaría tamén está a tempo de evitar que esta reclamación sexa dirimida nos tribunais.
- ⊙ A garantía de continuidade nas listaxes de interinidades daquel persoal interino que teña titulación superior de FP e que non poida integrarse nas novas especialidades que se crean no corpo de Secundaria.
- ⊙ O compromiso de estabilidade e do mantemento da situación administrativa actual do profesorado especialista en especialidades que son propias do sistema educativo galego e que, por ese motivo, non van poder optar a unha praza polo sistema de oposicións, coas mesmas retribucións que o persoal docente que se integra en Secundaria.

Polo de agora, a contestación da Consellaría a cada unha destas demandas nas distintas Mesas Sectoriais nas que se abordou este asunto foi **a calada por resposta**. Así mesmo tamén se negou a pagar a diferenza salarial polos meses traballados ás persoas que xa se xubiláron pero que cumprían os requisitos de titulación e administrativos en xaneiro de 2021 e que estiveron prestando servizos con posterioridade, algo que o sindicato considera unha falta de respecto para estas persoas.

Apelación ao conselleiro e ao presidente da Xunta para evitar esta flagrante discriminación

O sindicato fai unha chamada ao conselleiro de Educación e ao propio presidente da Xunta, no caso de que Román Rodríguez demostre non ter capacidade de decisión, para que se negocie a extensión destes dereitos a todo o persoal docente. De non facelo, o goberno do PP sería cómplice dunha situación de desigualdade e de

discriminación dunha parte do profesorado de FP malia que ambos están a gabarse continuamente de que *"a Formación Profesional é a aposta estratéxica do goberno galego nos medios de comunicación"*. A única forma de demostrar **que se respecta o principio de igualdade entre o persoal docente e que se ten en consideración o traballo que realiza nestas ensinanzas é executando estas demandas** en paralelo ao momento en que se resolva a integración dos compañeiros e compañeiras que van pertencer ao grupo A1 tras a súa integración formal no corpo de PES. Do contrario serán responsábeis dun enorme malestar e dun clima de tensión nos centros, así como da xudicialización deste procedemento. Un conflito aberto polo Ministerio e pechado en falso polo goberno da Xunta que ten agora a pelota no seu tellado e que podería resolver por unha contía económica que simplemente reducindo os concertos educativos, tamén cada vez máis numerosos na FP, sería facilmente asumíbel.



Datos de profesorado afectado

Segundo un estudo realizado pola CIG-Ensino hai no presente curso escolar 2.289 docentes no corpo de PTFP. Esta é a súa distribución:

	Funcionariado de carreira	Persoal interino	Total
Profesorado de especialidades que se integran en PES	1003	374	1377
Profesorado de especialidades de PESSFP	666	173	839
Profesorado noutras especialidades	13	60	73
Total	1682	607	2289

No proceso aberto pola convocatoria de integración están chamados a participar **1.682 docentes funcionarios de carreira**. A Consellaría de Educación vén de informar á CIG-Ensino de que aínda non teñen datos oficiais de canto profesorado, de entre este, quedaría para extinguir ao carecer da titulación requirida.

A diferenza salarial entre o subgrupo A1 (corpo de PES) e o A2 (corpo para extinguir de PTFP e novo

corpo de PESSFP) **é algo inferior a 170€ mensuais no salario e duns 9€ ao mes por trienio**. Son, á vista do total de profesorado afectado, unhas contías facilmente asumíbeis pola Consellaría de Educación, sobre todo tendo en conta que xa coñecía desde hai dous anos (xaneiro de 2021) que ía ter que afrontar este gasto e que as partidas de Educación son das que menos medran nas contas xerais da Xunta.

Pola mellora das condicións de traballo nos CIFP

A CIG-Ensino parabeniza a unidade do claustro do CIFP Manuel Antonio e elevará as súas demandas á Consellaría de Educación á vez que anima o resto de Centros Integrados do país a chegar a acordos de claustro semellantes agora que as condicións de traballo do persoal de FP está no foco de atención.

As principais reivindicacións que recolle o acordo ratificado polo profesorado o pasado mes de decembro, e que vai en consonancia coas da CIG-Ensino, céntranse na equiparación do horario semanal con respecto aos IES, na democratización do sistema de nomeamento das direccións e nun reaxuste do sistema de calidade que claramente se demostra que, lonxe de favorecer, entorpece a práctica docente, supón unha sobrecarga de traballo inútil e externaliza moitas funcións públicas.

A CIG-Ensino faise eco do acordo do claustro tomado o pasado 22 de decembro de 2022 que se



centran en tres reivindicacións fundamentais para mellorar as condicións de traballo neste tipo de centros:

Principais reclamacións incluídas no acordo de claustro do CIFP Manuel Antonio

⊙ *Equiparación da xornada laboral (horario máximo lectivo e de permanencia no centro semanal) con respecto ao dos IES. É ben sabido que esta é unha reivindicación histórica do sindicato desde que se configurou a normativa que rexe o funcionamento dos CIFP que consagrou unha discriminación ao implantar a duración dos períodos lectivos en 60 minutos tanto no réxime ordinario como de adultos, o que supón, para unha docente que teña o máximo horario semanal de 20 horas, 4 horas lectivas máis que quen imparte nos centros de secundaria e tamén máis de 4 horas de permanencia no centro no cómputo semanal total. Neste sentido, a CIG-Ensino coincide en reclamar o mesmo horario para todo o persoal que imparte en Formación Profesional sexa cal sexa a tipoloxía de centro (23 horas de permanencia semanais e períodos lectivos de 50 minutos) e reclama a volta ás 18 horas máximas semanais que tiñamos antes dos recortes aplicados polo goberno do PP. Nestes intres tan só quedan catro CCAA en todo o Estado co máximo de 20 períodos lectivos. A CIG-Ensino fai súa a proposta expresada polo profesorado do CIFP Manuel Antonio de poder compensar cunha redución total das sesións lectivas se estas se manteñen nos 60 minutos, fixando un cómputo semanal idéntico en todos os centros.*

⊙ *Democratización da elección dos equipos directivos. En sintonía coas reclamacións da CIG-Ensino o claustro do CIFP Manuel Antonio tamén reclama que se apliquen procesos de elección das direccións de forma democrática e que se elimine a selección “a dedo” da persoa que vai ocupar o cargo de director ou directora para garantir que se cumpran os requisitos de mérito e de capacidade, así como de igualdade e de publicidade, escoitando sempre as propostas que partan dos propios claustros.*

⊙ *Supresión do sistema de avaliación de calidade. Tamén na liña do que defendeu desde hai ano o sindicato, o profesorado do CIFP Manuel Antonio solicitou á Consellaría en 2016 unha avaliación do Sistema de Xestión de Calidade en relación cos seus fins, obxectivos e repercusión na práctica docente. Ante a calada por resposta o claustro volve insistir en que este sistema se demostrou como mera burocracia inútil e supón unha sobrecarga de traballo para o persoal docente que ve mermado o tempo para preparar as clases, innovar pedagoxicamente, coordinarse e participar en proxectos, á vez que implica unha privatización de moitas funcións que deben ser públicas. Neste sentido a CIG-Ensino coincide en que este sistema debería suprimirse, entre outras razóns porque nos IES a maior parte destas funcións realízaas a inspección, o que amosa a súa total inutilidade.*



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal